

REDUCIR- REEMPREGAR -RECICLAR

R-R-R

Tetrapala



PASO 1: MATERIAL



Para a actividade de hoxe imos precisar:
Un cartón de leite (non importa a forma, todos teñen a mesma capacidade), unhas tesoiras, pegamento, lapis, goma, ceras, lapis ou rotuladores de cores.

PASO 2: RECORTAR



Unha vez teñamos o cartón baleiro de leite podemos lavallo ben e cortar, ou cortar e lavar ben.

PASO 3: RECICLAR




Recordade que o que non vamos a empregar para facer a nosa "tetrapala", pode ir para o contedor amarelo.

PASO 4: INICIAR DISEÑO




Para decorar o folio, eu sinaliei a metade, para axustar que o meu deseño me quedara centrado, pero vos podeades facelo como queirades.





PASO 5: DISEÑAR



Unha vez terminado o deseño toca colorear, eu hoxe só tiña rotuladores, pero podeades empregar pinturas, lápiz de cores, témperas,....

Non vos recomendo empregar cousas que sexan en relevo como adhesivo, goma eva, feltro,.... Xa que a superficie debe quedar lisa para poder xogar mellor despois coa pelota.

PASO 6: COLOREAR



Rematei de colorear, como podeades ver, non é igual o deseño orixinal e o final, sempre podemos cambiar de opinión.

PASO 7: PEGAR



Poñemos pegamento sobre toda a superficie do papel. eu xa tiña sinalado o centro con anterioridade para o meu deseño e só teño que colocar o cartón de leite enriba do folio e quedará centrado, pero pode que non queirades que quede o debuxo centrado.

PASO 8: DIVERTIRSE



Unha vez pegado preséntovos o meu deseño final, espero que vos guste e a xogar!

